



CONCELLO DE SADA Concellería de Cultura e Praias.

VI FEIRA MODERNISTA. 28, 29 e 30 XULLO 2017:

COMUNICACIÓN PARA PERSOAS/ENTIDADES INTERESADAS EN PARTICIPAR NO MERCADO MODERNISTA. PROPOSTA DE FUNCIONAMENTO.

Estimada/o artesana/o:

Dende a Concellería de Cultura e Praias queremos comunicarvos que estamos traballando na organización da **VI Feira Modernista de Sada**, na que, como é habitual, contemplamos un espazo para a instalación dun **“Mercado Modernista”** no que se exporán ó público diferentes produtos e elaboracións artesás, de interese comercial e/ou artístico, que poidan ter algunha relación cos conceptos que definiron ó movemento Modernista.

DESCRIPCIÓN:

Durante os tres días de celebración da Feira Modernista sucederanse unha serie de propostas culturais en diferentes rúas de Sada. Ó longo de cada día programaranse actuacións musicais, exhibicións, pasacalles, rutas de vehículos de época, propostas lúdicas, cine... todo centrado en recrear o espírito dunha época e inspirado nos conceptos artísticos do Modernismo, que deixou a súa pegada na nosa localidade a través, sobre todo, do patrimonio arquitectónico e de movementos sociais e históricos que dan forma á nosa identidade como pobo. No epicentro das celebracións, no entorno do Paseo Marítimo e da praza situada detrás do edificio modernista de La Terraza, instalaremos unhas pérgolas nas que se ubicarán os comerciantes/artesanos autorizados a participar nesta edición da feira, e que serán os que dean vida ó Mercado Modernista.

PROCEDEMENTO PREVIO:

Se estades interesadas/os en participar nesta edición do “Mercado Modernista” de Sada **enviade un correo electrónico á dirección sada.cul@sada.gal. Tedes de prazo ata o luns 26 de xuño**. Neste correo presentádenos brevemente quen sodes, describide os vosos produtos e achegádenos algunha fotografía do que ofertariades ó público. Comentádenos, tamén, calquera apreciación que consideredes de interese para a organización.

Entre o 27 e o 28 de xuño recibiredes unha resposta na que se vos confirmará a posibilidade ou non de participar nesta edición.

En caso de resposta positiva, achegarémosvos por correo electrónico un **“modelo de solicitude para instalacións reguladas pola ordenanza 16”** e deberedes seguir os seguintes pasos:

1. **SOLICITUDE:** cubride e asinade o **“modelo de solicitude para instalacións reguladas pola ordenanza 16”**, coa información que se solicita nos diferentes campos e enviádea a sada.cul@sada.gal.
2. **DOCUMENTACIÓN:** Enviádenos a documentación que se solicita no **“modelo de solicitude”**. Será revisada por persoal técnico municipal, que vos solicitará calquera cousa que puidese faltar para dar o visto bo á solicitude.



Concello de Sada_Avenida da Mariña, 46_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias_ sada.cul@sada.gal



3. **INGRESO TAXAS:** Facede o ingreso da taxa correspondente e **enviádenos o resgardo do ingreso**. Dado que todas as pérgolas que a organización porá á vosa disposición terán medidas de +/- 3x3 mts. corresponde o pago da taxa mínima: **30€/día x 3 días = 90€**.
CONTA BANCARIA DE INGRESO: ES55 0238 8109 96 0660000173 (BANCO PASTOR).
4. **LIQUIDACIÓN:** unha vez feito este proceso emitirase un certificado de liquidación ó voso nome.

Agardamos que esta comunicación sexa do voso interese e animámosvos a participar nesta iniciativa, coa intención de aportar contidos atractivos e estéticos á organización dunha Feira Modernista que agardamos que sexa un grande éxito.

Podedes contactar con nós no 981.620075 ext. 500 ou a través da conta de correo electrónico sada.cul@sada.gal.

Quedamos á vosa disposición para resolver calquera dúbida relacionada con esta iniciativa.

Recibide un afectuoso saúdo,

María Pardo Fafián.
Concellera de Cultura e Praias.
Concello de Sada.